

LER CON NENAS

Historia da (re)creación dun barco


Montse Pena Presas



Tras ler *A grande viaxe* (OQO Editora) unha fica coa sensación de que algo se lle escapa entre as mans e de que na vida que levamos adoitamos perder de vista unha das cousas máis valiosas que temos: os soños. Detrás deles está sempre ese horizonte que nos obriga a camiñar. Iso é o que nos recorda a prosa de Anna Castagnoli –unha autora-ilustradora francoitaliana que desta volta só nos regala o texto da obra–, ao contarnos a historia dun neno que quere construír un barco para voar xunto cos paxaros, para atravesar cidades en guerra ou para roubar lambetadas e repartilas con outros nenos. Alén do ímpeto da fantasía para os máis novos e de somerxer aos adultos na lembranza dos tempos da infancia, cando era doado que unhas sabas fosen as velas dunha gamela, *A grande viaxe* consegue combinar a inxenuidade que lle é atribuída á nenez cunha simboloxía potente, dirixida a un lectorado formado. Porque este é un deses albums que procura un dobre receptor e permite unha dobre lectura: a dos cativos, que atoparán nel un mundo onírico, no que maxinar é case un xogo, e a das adultas, que gozarán da súa poeticidade e se decatarán de que todos temos unha dorna coa que soñamos, que podemos repensar e reconstruír tantas veces desexemos (“ninguén poderá levalo porque o meu barco só navega comigo”).

Mais as palabras de Castagnoli non se verían resaltadas –e mesmo aumentadas– de non estaren presentes as poderosas imaxes de Gabriel Pacheco –un ilustrador mexicano que xa dera forma a *Os tres desexos* de Eva Mejuto e que conta cunha consolidada traxectoria internacional–. Os seus deseños empregan o *collage* e diferentes texturas, mentres potencian o ambiente onírico, o que se consegue a través da experimentación coas tonalidades. Do mesmo xeito, o baleiro ocupa un lugar fundamental, pois serve para diferenciar os mundos da realidade e do desexo. Unha realidade que se marca pola presenza dun chan construído de baldas de

cadros e que, porén, se envolve sempre nesa aura de fantasía e sinxeleza contida que tamén se desprende do texto. Non por acaso, Pacheco ten confesado que as súas ferramentas de traballo son a vida, os soños, os días, o incerto e o que lle falta. Precisamente con iso que non está interaccionan moito estas ilustracións. Quizais porque non se conforman con ser un simple complemento da prosa, pois afondan no seu simbolismo engadindo mesmo un personaxe fundamental á historia. Un home que aparece representado con chisteira, óculos e un imponente queixo longo e que habitualmente aparece soprando, convértese na personificación do mundo dos soños: cando el sae da súa caixa de cartón é cando o barco do protagonista pode comezar a vogar. Ese oco entre texto e ilustración, ese deixar o sentido e o papel deste personaxe á imaxinación lectora, apunta de novo a ese dobre receptor á vez que deixa aberta a porta ás máis variadas interpretacións. Mais estas imaxes, á vez que procuran a liberdade, tamén coidan os detalles que as fan ter un significado completo e circular: ese sombreiro do home que representa a fantasía vai pasando por moitos dos personaxes da historia –as garzas, os pingüíns ou o propio protagonista–, coma se fose unha variña máxica que dese entrada ao universo das



A GRANDE VIAXE

ANNA CASTAGNOLI (TEXTO)
E GABRIEL PACHECO (ILUSTRACIÓNS)
OQO, 2009
40 páxinas
12,50 euros

ilusións. Quizais poque tras vestir ese chapeu, o noso barco viaxará a un lugar afastado do planeta “onde a xente leva uns potentes imáns nos zapatos para suxeitarse á terra”, para non volver. ●